

# PLAN DE ORIENTACIÓN

PLAN XERAL ANUAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CEIP O BOLO

CURSO 2018/19

## INDICE

	PÁXS.
<b>1. Introducción</b>	
1.1 Marco legal.....	3
1.2 Xustificación do Plan.....	4-5
1.3 Contextualización.....	5
1.4 Necesidades detectadas e priorización das actuacións.....	5
<b>2.Funcións e obxectivos do Departamento Orientación</b> .....	6-9
<b>3.Contribución do Plan de Orientación o desenvolvemento das Competencias</b>	
<b>Básicas</b> .....	9-10
<b>4.Planificación Xeral</b>	
4.1 Organización e funcionamento do Departamento de Orientación: recursos materiais e humanos tempos, espazos,.....	10-13
4.2 Estratexias de intervención : Plans de Actuación.....	13-16
A.PXAD.....	16-19
B.PAT.....	19-27
C.POA.....	27-29
<b>5. Avaliación do Plan de Orientación</b> .....	29-31

## ANEXOS

<b>I. Programación xeral de Audición e Linguaxe</b> .....	32-55
---	-------

## **1.INTRODUCCIÓN**

O presente Plan de Orientación trata de establecer a liña de traballo a seguir no noso centro e no centro adscrito ( O Bolo) en materia de Orientación Educativa.

Por en práctica este modelo supón, por unha banda, a posta en marcha dun conxunto de actuacións encamiñadas a desenvolver medidas adecuadas que propicien unha educación inclusiva de calidade e, por outro, un proceso continuo que axuste ao máximo o proxecto educativo ás características e necesidades de todos e cada un dos alumnos/as. Por iso é polo que todos os Centros Educativos deben elaborar Plans de Orientación Educativa e clarificar as medidas que van a utilizar para ofrecer unha atención á diversidade de calidade.

O obxectivo final deste plan de Orientación será, polo tanto, o de contribuir á consecución dunha escola de calidade e eficaz.

O Departamento de Orientación é unha estrutura de apoio permanente encamiñada a apoiar o labor do Centro e do profesorado en todas aquelas actuacións para asegurar un desenvolvemento integral dos alumnos/as, así como a formular e pór en práctica respostas educativas adaptadas as necesidades do alumnado.

### **1.1 MARCO LEGAL**

Reflectimos neste apartado a normativa básica que seguirá o Departamento de Orientación na súa actuación:

Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de Educación.

Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, que regula o calendario de aplicación do marco de ordenación do sistema educativo, establecida pola LOE.

Lei Orgánica 8/2013 do 9 de Decembro.

Decreto 105/2014 do 4 de Setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 85/2007 , do 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar.

Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 330/2009, de 4 de junio, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.

Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais.

Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional.

Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica.

Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo.

Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación e Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 23 de Novembro de 2007 pola que se regula a avaliación en Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 25 de Xuño de 2009 pola que se regula a avaliación en Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 229/2011 do 7 de decembro de Atención a Diversidade en Galicia.

## **1.2 XUSTIFICACIÓN DO PLAN**

Presentamos o Plan de Orientación como unha guía de traballo, aberta e flexible no que o plantexamento que temos sobre o concepto da orientación educativa é o seguinte:

É un proceso continuo, sistemático e articulado onde o/a alumno/a é o claro axente activo do seu propio progreso.

Forma parte da función docente e integra todas as accións realizadas dende a titoría e o asesoramento.

É un dereito de todo o alumnado (así o reflicte a delegación de educación ourensense Libro Blanco para a Reforma do Sistema Educativo, a LOXSE, o Decreto de Currículo e os documentos de Orientación e Titoría) e garante o desenvolvemento de medidas preventivas pero tamén compensadoras e dirixidas ao desenvolvemento de potencialidades.

Concrétase en Plans de Actuación no centro.

Os **obxectivos xerais** que pretendemos **acadar con este Plan**, son os seguintes:

- Garantir que a orientación forme parte esencial da actividade educativa.

- Garantir a educación integral do/a alumno/a mediante a personalización do proceso educativo.
- Promover a adaptación dos procesos de ensino-aprendizaxe e a transición entre niveis educativos.
- Apoiar á función tutorial no desenvolvemento dos obxectivos propostos nos procesos de ensinanza-aprendizaxe e da orientación educativa.
- Desenvolver de maneira directa, polo profesorado especialista en pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos/as alumnos/as que presentan necesidades específicas ou/e adaptacións curriculares (ACS).

### **1.3 CONTEXTUALIZACIÓN**

Este Plan de Orientación abrangue a realidade educativa do centro: **CEIP de O Bolo**, polo que será necesaria unha coordinación dos mesmos co fin de evitar a simultaneidade das reunións e a imposibilidade horaria.

Para coñecer o contorno no que imos traballar facemos neste apartado, unha breve descrición do mesmo, atendendo a aspectos xeográficos, económicos e socioculturais.

O **CEIP de O Bolo** está situado a 18 quilómetros de A Rúa no municipio de O Bolo, formando parte da comarca de Valdeorras e ubicado ao suroeste da devandita comarca.

Conta cunha poboación de 1374 habitantes distribuída en 28 pobos de tamaño variable entre os que destaca a capital municipal de O Bolo, centro básico de servizos.

No centro hai 23 alumnos/as matriculados, 16 en Educación Primaria e 7 en Educación Infantil.

Na actualidade reciben apoio da especialista de AL. 8 alumnos/as, dentro da aula ordinaria e só en casos excepcionais o apoio levase a cabo na aula de apoio, ademais hai algúns nenos que precisarían apoio por parte dun especialista de PT co que non conta o centro e están sendo atendidos polos titores en colaboración cas pautas e materiais do Departamento de Orientación.

Tamén neste centro comezan a aparecer demandas de novas avaliacións psicopedagóxicas así como dalgúns que cambian de curso ou seguimentos do curso anterior.

O director deste centro educativo, Emilio Manuel González López é o representante da Orientación do centro.

### **1.4 NECESIDADES DETECTADAS E PRIORIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS**

Feita a análise das necesidades existentes no presente curso, a partir da recollida de información a través de diferentes medios (Memoria Anual do Departamento de Orientación;

informes psicopedagóxicos; informes da especialista en AL , e a información transmitida polos docentes tras a avaliación inicial, podemos dicir que en xeral as necesidades educativas máis estendidas neste contexto refírense a:

Deficiencias lingüísticas presentes a distintos niveis: expresión oral, comprensión lectora, pobreza léxica.

Dificultades nas habilidades instrumentais básicas: lectura, escritura e cálculo.

Problemas condutuais e de comportamento.

Necesidade de fomentar habilidades e estratexias sociais que favorezan un bo clima para a convivencia no centro.

Situacións de privación sociocultural.

Falta dunha maior implicación por parte das familias nos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos/as seus/súas fillos/as.

Necesidade de fomentar o desenvolvemento de hábitos e destrezas de autoaprendizaxe na procura da independencia e autonomía dos alumnos e alumnas

Necesidade de motivar ao alumnado para “aprender a aprender” e “aprender a pensar”.

Como acabamos de ver e tendo en conta estas necesidades podemos enmarcar as actuacións que levaremos a cabo dende o Departamento de Orientación, dentro dos seguintes ámbitos:

- 1.Actuacións que teñan como obxecto a **Atención á Diversidade** presente no centro.
- 2.Actuacións dirixidas a apoiar o **Proceso de ensino-aprendizaxe**: seguimentos individuais, prevención de dificultades na aprendizaxe e no desenvolvemento da personalidade, adaptación da resposta educativa a cada necesidade, etc.
- 3.Actuacións que teñan como eixo o desenvolvemento do **Plan de Acción Titorial**.
- 4.Actuacións en relación á **promoción da convivencia** e á resolución pacífica de conflitos.
- 5.Actuacións que promovan unha maior **participación e implicación das familias** na educación dos seus fillos e fillas.
- 6.Actuacións para acadar a **colaboración** con outros Departamentos de Orientación da zona, o Equipo de Orientación Específico provincial, e con diferentes organismos: Servizos Sociais, Servizos de Información á Xuventude, Servizos Sanitarios, etc.

## 2. FUNCÍONS E OBXECTIVOS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As **funcións do departamento de orientación**, segundo o art. 10º da Orde do 24 de xullo de 1998:

Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu contorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención no seu ámbito de actuación.

Elaborar, de acordo coas directrices establecidas no plan de orientación deseñado, conforme o que se establece no artigo 13º desta orde e da CCP do centro, as propostas do POA, e do PAT, incidindo no desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e ofrecerlle ao profesorado soporte técnico.

Participar na elaboración, seguimento e avaliación dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención á diversidade do alumnado e nos principios de avaliación formativa e, cando cumpra, na adecuación dos criterios de promoción.

Deseñar accións encamiñadas á atención temperá, e á prevención de dificultades e problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de sobredotación que presenten os alumnos e alumnas.

Participar na avaliación psicopedagóxica conforme a normativa ao respecto e participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.

Facilitarlle á comunidade educativa o apoio e asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersoal.

Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos ou en calquera outro relacionado co seu ámbito de actuación.

Cooperar cos membros dos EOE no deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención.

Co obxecto de potenciar estratexias de actuación conxuntas, promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos: estimulación da motivación e intereses; adquisición de hábitos de hixiene e de autonomía; desenvolvemento motriz e da linguaxe; relacións interpersoais e aqueloutros aspectos que favorezan o desenvolvemento evolutivo do alumnado.

Establecer canles de comunicación cos diferentes servizos ou institucións.

Aqueloutras que a Administración educativa lle puidese encomendar no ámbito das súas funcións.

Os **obxectivos xerais que o Departamento de Orientación asume** pódense concretar fundamentalmente nos seguintes:

- 1.**Continuar co equipamento do departamento de orientación con diferente material didáctico, bibliográfico e informático para o adecuado funcionamento do mesmo.
- 2.**Contribuír á personalización da educación favorecendo o desenvolvemento de todos os aspectos da personalidade do/a alumno/a.
- 3.**Colaborar no logro dunha boa integración do alumnado no centro educativo e no grupo de compañeiros/as, sobre todo nos momentos de transición e chegada ao centro, no paso dun ciclo a outro.
- 4.**Previr as dificultades de aprendizaxe e contribuír a superalas cando se produzan, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado.
- 5.**Realizar un seguimento personalizado do proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos/as facendo fincapé na adquisición de hábitos e actitudes positivas cara ao estudo, á comprensión oral e escrita e á capacidade para a resolución de problemas.
- 6.**Coordinar as accións de orientación e titoría do centro e dos centros adscritos.
- 7.**Contribuír á axustada relación entre os distintos integrantes da comunidade educativa.
- 8.**Potenciar a colaboración con outros Departamentos de Orientación da zona educativa, co Equipo Específico, cos servizos sociais do Concello e con calquera outra institución pública ou privada que poida contribuír a unha mellor formación do profesorado, pais e alumnos/as.
- 9.**Informar ao profesorado sobre a avaliación psicopedagóxica dos alumnos/as con A.C.N.E.A.E.
- 10.** Colaborar cos profesores, baixo a dirección do Xefe de Estudos, na prevención e detección temperá de problemas de aprendizaxe.
- 11.**Orientar ao profesorado tecnicamente en relación con actividades e procesos de avaliación formativa e orientadora, recuperación, reforzo e apoio psicopedagóxico.



12. Apoiar, se fose necesario, e completar as intervencións dos titores/ as coas familias.
13. Potenciar a orientación de todos os alumnos/ as incluíndo a todos aqueles que necesiten unha atención especial.
14. Contribuír ao desenvolvemento da orientación educativa, psicopedagóxica e profesional.
15. Axudar aos alumnos nos momentos de maior risco e dificultade: ingreso no Centro, cambio de Ciclo.
16. Orientar e implicar á familia na educación dos/as seus/súas fillos/as, ao igual que establecer as canles axeitadas de información e comunicación coas familias.

### **3. CONTRIBUCIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN O DESARROLLO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

As competencias básicas son aquelas que permiten poñer o acento en aqueles aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde un plantexamento integrador e orientado a aplicación de saberes adquiridos desenvolvendoos ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a realización persoal incorporándose a vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver un aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades: Integrar os diferentes aprendizaxes incorporados nas diferentes materias, permitir os alumnos integrar os seus aprendizaxes e utilízalos de maneira efectiva cuando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

Asimismo, a programación de actividades que contemplan este plan e a orientación nos procesos de ensinanza-aprendizaxe contribuen o desenvolvemento da maioría das competencias básicas establecidas na LOE, a saber:

- Competencia en comunicación lingüística: Aspectos relacionados co desenvolvemento de habilidades para establecer vínculos, expresar e autorregular pensamentos, emocións e condutas e tamen a integración do alumnado.
- Competencia Social e cidadana: Fai posible comprender a realidade social en que se vive, convivir, cooperar, etc.
- Autonomía e iniciativa persoal: Adquisición da conciencia e aplicación de valores e actitudes como o autoconocimiento e a autoestima, control emocional, auto-crítica, *toma de apuntes...*
- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: Posibilitando o desenvolvemento con autonomía en ámbitos da vida moi diversos (saúde, consumo).
- Competencia para aprender a aprender: Implica dispoñer de habilidades metacognitivas.

- Competencia matemática: Implica a orientación e apoio no proceso de aprendizaxes.
- Competencia cultural e artística: Resaltar os aspectos orientadores da educación, atendendo o contexto real no que vive o alumno, favorecendo a adquisición de aprendizaxes conectados co entorno.
- Tratamento da información e competencia dixital: Implica a coordinación, orientación e seguimento do proceso académico.

Coa entrada en vigor da LOMCE temos que reflexar que as competencias agora son denominadas competencias clave e que algunhas teñen nova denominación. As competencias clave son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística:
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

## 4. PLANIFICACIÓN XERAL

### 4.1 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Para garantir que a orientación educativa teña un carácter procesual e que o Departamento de Orientación (D.O.) funcione nos distintos centros baixo unhas mesmas liñas de actuación, terán lugar as seguintes xuntanzas:

Celebrarase **unha reunión trimestral de todos os membros do departamento** para a coordinación e o **seguimento do Plan de Orientación e sempre que sexa necesario** para o seguimento do **Plan de Acción Titorial**.

**Outras reunións** nas que participará o Departamento de Orientación son:

1. Reunións do Equipo Directivo, ciclo etc.
2. Reunións cos representantes do D.O. e a especialista en AL do outro centro.
3. Reunión de Pais e Nais.
4. Reunións de Titoras/es.

- 5.Reunións de Avaliación.
- 6.Claustros de Profesores.
- 7.Reunións con outras institucións que interveñan no desenvolvemento do alumnado con n.e.a.e.

Outros **aspectos que afectan á organización e funcionamento do D.O.** son os **horarios** e os **recursos humanos**:

En canto aos **HORARIOS**,

O Departamento de Orientación conta con un centro adscrito que debe atender (O Bolo ). Esto faise cada quince días os martes pola mañá salvo algunha excepción debido as necesidades do centro adscrito. O centro conta con unha mestra de AL que vai dous días a semana e ten como centro base o IES Cosme López.

Ao longo do curso levaranse a cabo avaliacións psicopedagóxicas que están pendentes polo que o horario da AL no centro será en función destas para atender a ditas necesidades.

Con isto simplemente pretendemos resaltar que os horarios son contemplados con total flexibilidade e poderán variar ao longo do curso, en función das novas necesidades ou/e novas condicións que podan xurdir aínda que a atención de dous días a semana é insuficiente para atender as necesidades que presenta o centro.

Por este motivo non vemos tan necesario reflectir os mesmos neste Plan, como na Memoria Final.

En canto aos **RECURSOS HUMANOS** Teremos en conta que o número de alumnos que precisa algún tipo de atención neste centro, ordinaria ou extraordinaria, é elevado, de maneira que moitos precisarían un apoio individualizado difícil de levar a cabo polas poucas horas que o centro conta co especialista de AL, sendo máis ben apoios en grupos pequenos na aula de AL.

O mesmo tempo tamén contamos con apoios dentro das aulas que máis necesidade teñen, por mestres con dispoñibilidade horaria. De este xeito podemos atender a todas as necesidades do centro.

A realidade educativa coa que nos atopamos é a seguinte:

**ANALISE CUANTITATIVA DAS NECESIDADES DETECTADAS**

<b>CEIP O BOLO</b>		<b>CURSO 17/18</b>
23 alumnos/as		<b>Nº de alumnos/as con N.E.A.E.</b>
E.I	4º	Estimulación da linguaxe
	5º	Estimulación da linguaxe
	6º	Estimulación da linguaxe
E.P	1º	1 alumno
	2º	0 alumnos
E.P	3º	2 alumno
	4º	1 alumno
E.P	5º	1 alumno
	6º	1 alumnos

**PERSOAL DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN NESTE CENTRO**

<b>RECURSOS HUMANOS</b>	<b>CEIP O BOLO</b>
	<b>1 ORIENTADORA</b> (con centro base no CEIP Manuel Respino)
	<b>1 MESTRE ESPECIALISTA EN AL</b> ( dous días a semana)

Ante a realidade aquí descrita, vémonos na obriga de priorizar a atención das necesidades do seguinte xeito:

-En primeiro lugar atenderemos a aqueles alumnos e alumnas que presentan unha ACI ou teñen unha necesidade educativa especial.

-En segundo lugar atenderemos a aqueles/as alumnos/as que contaron con medidas de reforzo educativo no curso anterior.

-En seguinte lugar atenderase ao alumnado que veña doutros centros e traian nos seus informes, propostas de medidas de atención e logo todas aquelas que xurdan.

Estas pautas de actuación son elaboradas nun primeiro momento do curso (entre setembro e outubro), o cal quere dicir que poden variar durante o mesmo se ten lugar algún cambio nas condicións ou situacións nas que nos atopamos actualmente.

#### 4.2 ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Unha vez expostas as necesidades detectadas, a priorización na atención das mesmas e os obxectivos que pretendemos acadar dende o departamento de orientación, imos determinar o **procedemento xeral que vai seguir a intervención orientadora**:

**1º** *Recepción e devolución da demanda.* As demandas de intervención ao Departamento virán reguladas polas seguintes condicións:

-A demanda concretarase por escrito nos protocolos de derivación existentes no Departamento, proporcionando o demandante a maior información respecto ao tema en cuestión.

-O Departamento estudará a demanda sobre o que se refire á coherencia da mesma constatando a petición con outros axentes educativos implicados.

-A devolución de resposta por parte do Departamento producirase en entrevista co demandante, onde quedarán explicitadas: as responsabilidades de cada axente educativo na avaliación inicial que sexa precisa e as responsabilidades no tratamento das necesidades educativas que podan presentarse.

**2º** *Intervención psicopedagóxica ou orientadora.* Unha vez acordadas as responsabilidades no proceso de intervención, levaremos a cabo a intervención, que terá polo menos as seguintes fases:

-Avaliación das necesidades educativas.

-Deseño dun programa de intervención.

-Implementación do programa de actividades.

-Avaliación do programa de actividades.

**3º** *Avaliación da intervención.* En todos os casos ao finalizar unha intervención producirase por parte do Departamento de Orientación a avaliación da mesma, co fin de retroalimentar intervencións posteriores do mesmo tipo, debéndose de recoller devanditas valoracións por escrito a fin de que quede constancia da mesma.

Á marxe da intervención que se articula ao redor dos subplans que presentaremos a continuación, entendemos que existen uns **recursos estratéxicos xerais** que cómpre ter en consideración. Eses recursos son:

- A colaboración do equipo directivo, co que se establecerá unha liña de comunicación, información e colaboración (asesoramento-consulta) permanente.

- A toma de conciencia de que somos un equipo e non unha suma de unitarias, o que significa ter unha apertura de cara ás iniciativas que se presenten e unha xenerosidade cara ás decisións que se adopten.

- A acción “mentalizadora e exemplificadora” dos coordinadores e coordinadoras dos diferentes equipos así coma das especialistas en audición e linguaxe e en pedagogía terapéutica.

- A presentación de proxectos, ideas, programas, ... que axuden na toma de decisións, nas estratexias de aprendizaxe, nas medidas organizativas, na adquisición de hábitos, na integración, na educación en valores, na resolución de conflitos, na reflexión sobre o traballo e nas actuacións conxuntas.

- A redacción de circulares informativas sobre asuntos relacionados co labor docente (funcións dos titores e titoras, actividades de reforzo educativo, proceso dunha adaptación curricular, ...).

- A promoción de grupos de traballo que reflexionen e investiguen desde a propia actividade.

- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e periódica coas familias.

- As actuacións coa asociación de nais e pais de alumnos e alumnas, na procura dunha liña adecuada de colaboración e relación escola-familia.

- A absoluta dispoñibilidade e colaboración do orientador, tanto no que atinxe aos centros adscritos coma na relación cos demais orientadores da zona (IES Cosme López, CEIP O Bolo,...).

Cómpre ter en consideración que aínda que nos guían os principios dunha actuación no conxunto do sistema e na liña de programas, iso non significa que non se vaian atender as demandas de intervención que nos cheguen, tanto por parte do profesorado coma por parte das familias ou do alumnado.

Aclaradas as fases de intervención expoñemos a continuación os **Plans, a través dos cales, o Departamento de Orientación leva a cabo a súa actuación:**

**A.- Plan xeral de atención a diversidade(PXAD)**

**B.- Plan de Acción Titorial (PAT)**

**C.- Plan de Orientación Académica (POA)**

A través do desenvolvemento dos mesmos, pretendemos:

- Ofrecer unha resposta educativa nos distintos ámbitos interrelacionados dos tres plans.
- Favorecer o desenvolvemento das capacidades xerais de todos/as os/as alumnos/as dando resposta ao mesmo tempo ás alumnas e alumnos con necesidades específicas.
- Mellorar as condicións xerais do contexto educativo co fin de previr problemas de aprendizaxe.

Así mesmo implicaremos nesta tarefa a todos os sectores que forman a comunidade educativa: profesorado, pais, nais, institucións do contorno, etc.

Para acadar estes e outros obxectivos que expoñemos a continuación, levaremos a cabo diversas actividades que presentamos divididas nos tres Plans.

#### **A.- Plan Xeral de atención á diversidade (PXAD)**

Este Plan de Apoio permítenos articular diferentes medidas de atención á diversidade que favorezan o desenvolvemento do alumnado, tanto no ámbito social como no individual.

Neste sentido pretendemos acadar os seguintes **obxectivos**:

Velar polo cumprimento dos principios de Igualdade, Inclusión e Normalización, mediante o traballo diario e o apoio tanto aos alumnos e alumnas como ao profesorado.

Evitar fenómenos indesexables como os de abandono, fracaso e inadaptación escolar.

Fixar criterios para atender e dar resposta á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado.

Detectar problemas de aprendizaxe e poñer en marcha medidas de reforzo.

Cooperar cos titores na elaboración e desenvolvemento de adaptacións curriculares para aqueles alumnos/as que as necesitan.

Organizar espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade.

Colaborar na adecuación de materiais de asesoramento e apoio ao profesorado.

Avaliar conxuntamente co profesorado o desenvolvemento de programas e de medidas adoptadas ao longo do curso.

Para acadar estes obxectivos levaremos a cabo dous tipos de **actividades globais**:

**1.** *Asesoramento directo ao profesorado para o desenvolvemento das correspondentes medidas de atención á diversidade.*

**2.** *Atención prioritaria ás alumnas e alumnos que presentan necesidades específicas.*

Estes dous tipos de actividades desglosarémolas na práctica noutras máis específicas, que



iremos realizando ao longo do curso. Para o primeiro grupo, de atención á diversidade, presentamos as seguintes:

- 1.1.-** Participar nas reunións de elaboración do PE e programacións didácticas, achegando información sobre medidas de atención á diversidade.
- 1.2.-** Reunións de titoras/es e equipos docentes para fomentar a comunicación entre os distintos profesores que interveñen nun mesmo grupo de alumnos/as.
- 1.3.-** Proporcionar apoio e asesoramento respecto aos procesos de ensinanza-aprendizaxe na realidade educativa na que se atopa o profesorado.
- 1.4.-** Reunións informativas co profesorado para reflexionar sobre respostas educativas e criterios metodolóxicos que podan previr dificultades de aprendizaxe: distribución de tempos, agrupamentos, organización de espazos, etc.
- 1.5.-** Establecemento dunha proposta de organización de reforzos a través da observación de cales son as necesidades prioritarias e o axuste de horario do profesorado.
- 1.6.-** Participar no deseño e desenvolvemento do Plan de Convivencia (Ley 4/2011).

Para o segundo grupo de actividades dedicadas á atención prioritaria de alumnado con necesidades específicas, enumeramos as seguintes:

- 2.1.-** Análise dos posibles alumnos que teñen o risco de presentar dificultades de aprendizaxe.
- 2.2.-** Observación directa e sistemática dun alumno/a ou grupo de alumnos/as na aula, co obxectivo de obter información complementaria para asesorar ao profesorado.
- 2.3.-** Realizar entrevistas coa familia para completar o proceso de detección de necesidades.
- 2.4.-** Realizar a avaliación psicopedagóxica daquelas alumnas/os que se considere preciso.
- 2.5.-** Remitir á/ao alumna/o a outros especialistas para a realización de exploracións específicas complementarias cando sexa preciso.
- 2.6.-** Orientacións ás familias para que asuman responsabilidades na educación dos seus fillos e fillas.
- 2.7.-** Implicar ás nais e pais nas actividades de reforzo e apoio educativo.
- 2.8.-** Na atención **A.C.N.E.A.E.** e dende o punto de vista propiamente académico poden establecerse **dúas vías de atención:**

**2.8.1) Unha atención ordinaria:**

**A.1. RE sen apoio:** Son medidas que o propio profesorado diseña e aplica con aqueles alumnos e alumnas que teñen certas dificultades de seguimento da programación diaria, ben por exceso ou por defecto (traballos específicos de recuperación, traballos de ampliación, ...).

A.2. **RE con apoio:** Son medidas que contemplan o apoio cun profesor con dispoñibilidade horaria.

A.3. **Adaptación de tempos e instrumentos** ou procedementos de avaliación.

*No deseño da avaliación:*

-Buscamos a participación do alumno na propia avaliación (que sexan conscientes dos coñecementos que non teñen adquiridos).

-Propoñemos unha avaliación proactiva que nos proporcione pautas para a mellora do proceso de aprendizaxe.

-Establecemos criterios adaptados aos obxectivos previstos e que informen do nivel de dominio das competencias básicas.

-Posibilidade de facer algunhas probas orais.

-Aumentar o tempo para realizar tarefas ou probas ao alumnado que o necesite.

-Deseño de probas axeitadas ás peculiaridades do alumnado.

### 2.8.2) Unha atención extraordinaria

➤ **Apoio do profesorado especialista en PT e/ou AL.**

➤ **AC:** Esta medida seguirá o procedemento establecido na Orde do 6 de outubro de 1995 da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

➤ **Agrupamentos Flexibles:** *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais.*

➤ **Flexibilización do período de escolarización.**

- Nos casos de sobredotación intelectual seguiremos as disposicións que figuran na *Orde de 28 de Outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e procedemento para flexibilizar a duración do período de escolarización obrigatoria do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.*

• *A flexibilización pode ser, tanto de anticipación de inicio da escolaridade obrigatoria, como a redución da duración dun ciclo educativo do ensino básico.*

• Nos casos do alumnado con necesidades educativas especiais seguiremos as disposicións da *Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado do ensino non universitario con necesidades educativas especiais*

- En Educación Infantil: poderase aumentar excepcionalmente nun ano. En ningún caso

será posible permanecer nesta etapa máis alá do ano natural no que se cumpran os sete de idade.

•En Educación Primaria: poderase aumentar excepcionalmente nun ano. No caso de non ter permanecido un ano máis en Ed. Infantil será posible aumentar un segundo ano con carácter excepcional. En calquera caso, non se poderá continuar na Ed. Primaria máis alá do ano natural no que se cumpran os quince de idade.

### ➤ **Grupos de adquisición das linguas.**

A Orde de 20 de Febreiro de 2004, de atención ao alumnado estranxeiro, establece que poden conformarse grupos de adquisición de linguas como medida organizativa para atender este tipo de diversidade. Os grupos de adquisición de linguas son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade o impulso da formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino. Esta medida estará dirixida ao alumnado que descoñeza completamente ambas linguas oficiais de Galiza.

Unha posible **temporalización** deste plan de atención á diversidade sería a seguinte:

- Setembro:** actualización da base de datos de alumnos con necesidades específicas e colaboración co director na correcta definición do alumnado con necesidades de apoio e reforzo.
- No 1º trimestre:** revisión de informes de valoración psicopedagóxica, seguimento de casos, recollida e estudo de demandas, realización de avaliacións psicopedagóxicas.
- 2º trimestre:** seguimento das medidas de axuste e continuación de estudo de novas demandas e avaliacións que foran necesarias.
- 3º trimestre:** seguimentos en especial a alumnos/as que rematan etapa e elaboración de dictámenes e revisión de ACs.

### **B.- Plan de Acción Titorial (PAT)**

O Plan de Acción Titorial é o documento marco no que se recolle a organización e funcionamento das titorías que se van realizar nos centros.

A súa posta en práctica recae sobre os profesores tutores, e contan coa coordinación da Xefatura de estudos e coa colaboración de Departamento de Orientación.

Neste Plan, o equipo docente, coordinado pola titora ou titor, e asesorado polo Departamento de Orientación, selecciona as estratexias máis axeitadas para o desenvolvemento do mesmo.

Levarase a cabo ao longo de todo o proceso educativo, de xeito individual ou colectivo, sendo a función máis importante, tanto para a titora ou titor como para o/a orientador/a, a de poñer os medios para garantir que todo o alumnado, en función das súas necesidades, teña a oportunidade de “aprender a pensar”.

### **B.1.- Funcións dos/as titores/as:**

Tomando como fonte o Decreto da Consellaría de Educación nº 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, no seu Art. 81º establécese que:

*•Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:*

*•Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.*

*•Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.*

*•Coñecer as características persoais de cada alumno a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.*

*•Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.*

*•Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.*

*•Coordina as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.*

*•Facilita a integración do alumnado no grupo e fomenta a súa participación nas actividades do centro.*

*•Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.*

*•Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.*

*•Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.*

*• De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.*

*•Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que*

*proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores e titoras legais.*

- *Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.*

- *Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.*

- *Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.*

- *Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.*

- *Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.*

- *Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.*

- *Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.*

- *Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.*

- *Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras, e á xefatura de estudos.*

- *Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.*

- *Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.*

## **B.2.- A Acción Titorial no Centro Adscrito**

Asumido que a acción titorial compromete á totalidade do profesorado, no marco dunha actuación colectiva e debidamente coordinada, e que o seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe coma o relativo ao desenvolvemento persoal, pretendemos que este plan signifique unha resposta deste centro cara á personalización da educación do noso alumnado ( no centro adscrito), constituíndo o garante de que os alumnos e alumnas coñecen o centro e o seu funcionamento, as súas potencialidades e carencias, os valores dunha sociedade democrática e a necesidade da súa implicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

Naturalmente, este proceso de axuda está condicionado á situación de partida, á realidade do conxunto deste sistema e ao noso contexto; o que motivará a elección dos obxectivos a acadar e as actuacións específicas para o seu logro.

Tendo en conta este PAT, podemos considerar que, en termos xerais, o noso contorno caracterízase por:

*1-Contar con alumnado de procedencia rural.*

*2-Contar con algún alumnado de pais inmigrantes.*

*3-Contar con familias moi diversas, tanto desde o punto de vista laboral coma do cultural, económico e ata de estrutura familiar.*

*4-Contar cunhas plantillas de profesorado non moi estable ( un definitivo e resto enterinos).*

*5-Contar con familias implicadas nos procesos formativo e de ensino-aprendizaxe dos seus fillos e fillas e outras que teñen estas funcións menos atendidas.*

*6-Contar con familias que “asignan” á escola roles moi diversos e que entenden a relación con esta de forma moi diferente.*

*7-Contar con certo alumnado carente de estratexias de aprendizaxe, de traballo autónomo e falta de motivación polas tarefas escolares.*

*8-Contar con certo alumnado con dificultades na adquisición das técnicas instrumentais.*

*9-Contar con dous centros de educación secundaria no propio contorno, que actúan como referente desa etapa educativa.*

***O que se pretende é favorecer: o desenvolvemento persoal e social do alumnado, o proceso de ensino-aprendizaxe e a maduración vocacional; para o que será necesario ensinarlle a pensar, a ser persoa, a convivir, a comportarse e a decidir.***

Nesta mesma liña están os **obxectivos que pretendemos acadar** e que son os seguintes:

1.Coñecer e valorar as características do grupo de alumnos e alumnas, tanto desde o punto de vista persoal coma no relativo á competencia curricular, ás estratexias de aprendizaxe, á motivación e aos intereses; coa finalidade de producir as respostas educativas adecuadas.

2.Fomentar a integración do novo alumnado e profesorado, desenvolvendo accións que favorezan a adaptación dos novos alumnos e alumnas, profesores e profesoras, e a súa interacción co resto do alumnado e do profesorado.

3.Establecer unha liña de comunicación-información permanente co grupo de alumnos e alumnas e co seu equipo docente.

4. Manter actualizado o expediente do alumnado e aproveitar a información facilitada pola exploración psicopedagóxica individual para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe.
5. Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios de respecto e solidariedade e cara á participación razoada e responsable na toma de decisións.
6. Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos e fillas, da promoción da súa autonomía, dos valores a considerar, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
7. Contribuír á mellora da coordinación entre os distintos centros, ciclos e/ou etapas.

Así mesmo este Plan concrétase nas diversas **actividades** que levaremos a cabo como son:

1. Colaborar e asesorar na concreción do PAT para cada grupo de alumnos/as e para cada alumno/a.
2. Proporcionar materiais e recursos ás titoras/es sobre técnicas de estudo, coñecemento e avaliación do alumnado, estratexias de intervención ante situacións problemáticas, etc.
3. Intervir directamente con algúns alumnos/as cando o solicite o titor e/ou o equipo educativo.
4. Previr e detectar dificultades nas aprendizaxes instrumentais e escolares, equipando ao alumnado coas estratexias e hábitos máis axeitados.
5. Propoñer xunto cos titores a realización de actividades para desenvolver nos alumnos actitudes sociais positivas: asertividade, autoconfianza, empatía, tolerancia, respecto.
6. Establecer xunto coa titora ou titor entrevistas e xuntanzas coas familias para informar sobre a evolución académica do seus fillos/as e implicalos nas actividades de reforzo e apoio escolar.

### **B.3.- Subprogramas de Acción Titorial**

Dicir que a acción titorial forma parte permanente e indisociable da acción docente non significa que non deban deseñarse actuacións e/ou programas que axuden nesa orientación ao conxunto do sistema. Por iso ese enfoque xeral da acción titorial pretendemos complementalo con programas específicos de intervención; programas que forman parte do enfoque orientador do Departamento de Orientación do centro e tratan de dar resposta ás necesidades percibidas e sentidas pola comunidade educativa, e que terán un desenvolvemento real na medida en que os equipos responsables do seu deseño realicen a correspondente planificación.

Entre os programas que se entenden necesarios e/ou útiles para favorecer a acción titorial destacan:

1.O plan de acollida (PA).

2.O programa de preparación para a educación secundaria obrigatoria (PPESO), que incluímos no Plan de Orientación Académica e Profesional (POAP).

#### **A) O PLAN DE ACOLLIDA (PA)**

##### **1. INTRODUCCIÓN.**

Non cabe dúbida de que cada ano chegan por primeira vez aos colexios unha serie de persoas, ben alumnado, ben profesorado; e ese primeiro contacto, que sempre xera un certo estado de ansiedade, cómpre sexa algo agradable, que facilite unha mínima seguridade e tranquilidade desde os primeiros momentos. Pero, para que iso suceda é necesario planificar eses primeiros instantes, eses primeiros días; planificación que debe realizarse desde dentro do sistema, desde o propio centro; de xeito que se acolla aos novos compañeiros e compañeiras e ao novo alumnado cun tacto especial.

Con esa intención é coa que se deseña e redacta este programa de acollida; que, como pode apreciarse, contempla as novas incorporacións desde dous puntos de vista: desde o do alumnado de novo ingreso e desde o do profesorado recién incorporado. Pensando neles e nelas establécense unha serie de obxectivos e actuacións que se recollen ao longo do programa e que teñen unha dobre finalidade: favorecer os primeiros contactos coa institución, por unha parte; sistematizar e favorecer as actuacións dos distintos equipos existentes no colexio (equipo directivo, equipos docentes, ...), por outra.

Sen embargo, algunhas actuacións deberán complementarse con outras recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade (criterios para a adscrición do alumnado e do profesorado).

##### **2. OBXECTIVOS XERAIS:**

- 2.1. Facilitar o tránsito da familia á escola.
- 2.2. Implicar ás familias no período de adaptación.
- 2.3. Facilitar o coñecemento inicial do centro ao novo profesorado.

##### **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:**

- 1.Tratar de que os nenos e nenas asimilen con naturalidade a separación do seu medio familiar, evitando a xeración de posibles conflitos.
- 2.Presentar a escola coma unha continuidade da familia, logrando que o ingreso nela se produza sen a sensación de abandono familiar.
- 3.Favorecer a relación entre os nenos e as nenas.



4. Establecer uns criterios e unha temporalización do período de adaptación, adecuándoo ás circunstancias individuais do alumnado.
5. Acadar un coñecemento das circunstancias persoais de cada neno e nena.
6. Establecer unha vía de comunicación e colaboración familia-titor ou titora.
7. Presentar e presentarse aos novos compañeiros e compañeiras.
8. Informar ao novo profesorado do funcionamento xeral do centro.
9. Propiciar a integración do profesorado recén chegado na dinámica de traballo do colexio.

### 3. DESENVOLVEMENTO.

Para acadar os obxectivos deste programa de acollida é necesaria a planificación dunhas actividades e a súa execución. En consecuencia, as actuacións a desenvolver son:

#### 3.1. ACTUACIÓNS PARA OS NENOS/AS DE NOVA INCORPORACIÓN:

##### 3.1.1. PARA ALUMNADO SEN ESCOLARIZAR

Aínda entendendo, a totalidade do Claustro, os beneficios que, para o alumnado que vai acceder a educación infantil, se derivan de visitar e/ou compartir certos momentos e/ou actividades cos alumnos e alumnas xa escolarizados nesa etapa educativa, non se contemplan, neste plan, ese tipo de actuacións debido ás responsabilidades que o profesorado estima lle afectarían no caso de producirse algún percance con eses nenos e nenas neses momentos compartidos. De aí que as actuacións a desenvolver cos nenos e nenas de nova incorporación e sen escolarizar se reduzan a:

**•Durante a 1ª quincena de xuño:**

O equipo docente de educación infantil analizará os datos do novo alumnado admitido.

**•Durante a 2ª quincena de xuño:**

O equipo docente de educación infantil remitirá un escrito aos pais e nais do alumnado que se escolarice por 1ª vez, explicándolles os criterios da entrada gradual de setembro así como aquelas cuestións que consideren de interese (mentalización dos nenos e nenas, posibilidade de contactos con outro alumnado que se vai escolarizar por 1ª vez, algunha visita ao contorno do colexio durante o verán, etc.).

**•Durante a 1ª quincena de setembro:**

O equipo docente de educación infantil:

1. Estudará a realidade do novo alumnado matriculado.
2. Realizará a entrevista persoal ás familias.
3. Decidirá o momento da incorporación de cada neno e nena, segundo os criterios establecidos.
4. Decidirá, de ser necesario, a adscrición de cada neno ou nena a unha determinada unidade (aula), en función dos criterios establecidos.
5. Convocará ás familias a unha reunión de carácter xeral.

**•Durante a 2ª quincena de setembro:**

-A incorporación dos nenos e nenas ás aulas realizarase en grupos reducidos, segundo determine o equipo docente de educación infantil.

-A permanencia na aula será, como máximo e no caso dos nenos e nenas de tres anos ou de catro que se escolaricen por vez primeira, de dúas horas durante a 1ª semana e de tres durante a 2ª.

Obviamente, enténdese que a partir do mes de outubro as actuacións son as normais.

**3.1.2. PARA ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS.**

**A) No momento da solicitude de admisión e/ou matrícula:**

O neno ou nena acompañará ao pai/nai, ou titor/a, ás dependencias do colexio. Nesta visita, ademais da documentación pertinente, o equipo directivo averiguará se existe no centro algún familiar e/ou veciño (do lugar ou rúa) que deba promocionar ao nivel ao que deba adscribirse o novo alumno ou alumna e aproveitará para ensinarlles o centro aos nenos e nenas.

**B) Durante a 2ª quincena de xuño:**

O equipo directivo adscribirá aos novos alumnos e alumnas á etapa, ciclo e nivel que lles

corresponda, segundo os criterios establecidos.

**C) Durante a 1ª quincena de setembro:**

O profesorado-titor, ou no seu defecto calquera compañeiro ou compañeira de nivel, convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do centro, se comunicará o grupo ao que quedou adscrito o alumno ou alumna e se recabará aquela información que o correspondente equipo de nivel estime pertinente. Tamén se aproveitará para ensinarlles a aula e o centro.

**3.2. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.**

O seguimento do nivel acadado nos obxectivos así coma do funcionamento das distintas actuacións realizarase por parte do profesorado encargado de poñelas en práctica e no momento que estime pertinente. De todos os xeitos, será necesario que a finais de decembro emita un breve informe a fin de que poida realizarse unha avaliación do plan por parte do Departamento de Orientación, na reunión ordinaria xeral do mes de xaneiro.

**C.- Plan de Orientación Académica (POA)**

Este Plan será levado a cabo por parte de todo o equipo docente sendo a súa finalidade a de levar ao alumnado á reflexión, autocoñecemento e valoración das propias capacidades, motivacións e intereses. Se lle debe facilitar á comunidade educativa os apoios e asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar adecuadamente os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa ou a resolución de conflitos de relación interpersonal.

Con el pretendemos acadar os seguintes obxectivos, dirixidos especialmente ao 3º ciclo de Educación Primaria:

Elaborar e proporcionar materiais encamiñados a informar ao alumnado sobre a oferta educativa que se lle presentará na E.S.O.

Coordinarse co equipo de orientación da E.S.O para realizar o transvase de información sobre os alumnos co obxecto de seguir coa labor orientadora.

Para acadar estes obxectivos poñeremos en práctica o seguinte plan: **Programa de Preparación para a Educación Secundaria Obrigatoria (PPESO).**

## 1.- INTRODUCCIÓN.

Non por dar cumprimento á correspondente actuación do PAT, que tamén, senón porque faltaría unha importante actuación no que atinxe á preparación do alumnado que está a rematar educación primaria e vai entrar, naturalmente, na etapa da educación secundaria. obrigatoria -o que significa, neste caso concreto, o cambio de centro e a entrada noutro estilo organizativo-, parece lóxico tratar de reducir esa ansiedade que se xera ante este cambio, máis no caso dun alumnado afeito a un funcionamento moi concreto e a un estilo docente determinado, pero tamén nas súas familias. Por iso se deseña, en coordinación co orientadora do IES Cosme López, este PPESO, destinado especificamente ao alumnado do segundo nivel do terceiro ciclo de educación primaria, e que se desenvolve en dúas fases consecutivas e complementarias.

## 2.- DESENVOLVEMENTO:

**PRIMEIRA FASE: Información xeral sobre a ESO e sobre o IES Cosme López.** Esta fase, destinada ao alumnado e ás familias, desenvólvese no propio centro e por parte de profesorado e/ou orientadores do instituto e do ceip Manuel Respino, debe realizarse no terceiro trimestre e informar de asuntos coma:

- Estrutura do sistema educativo.
- Oferta educativa do citado IES.
- Horarios lectivos.
- A atención á diversidade.
- Servizos complementarios que ofrecen.
- Actividades extraescolares.
- Criterios de promoción.
- Regulamento de réxime interno.
- Actuacións de acollida etc.

Para ese primeiro contacto entre profesorado de primaria e o de secundaria pode usarse o papel intermediario dos orientadores de ambos centros.

## **SEGUNDA FASE: Visita ao IES.**

**Esta derradeira fase, que pon fin ás actuacións de preparación para a nova etapa educativa e para o novo centro, deberá realizarse no mes de xuño, estar planificada polos dous departamentos de orientación e dirixida a coñecer “in situ” as novas instalacións.**

En todas e cada unha das fases o Departamento de Orientación deberá asesorar aos distintos titores e titoras no seu desenvolvemento.

### 3.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán, no primeiro trimestre de cada curso, o grao de desenvolvemento de cada unha das fases, emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.

Dentro de cada un dos tres Plans sinalados, procurarase profundizar nos seguintes aspectos:

1. Análise de necesidades.
2. Obxectivos.
3. Accións prioritarias.
4. Tempos previstos.
5. Recursos.
6. Criterios de avaliación.
7. Coherencia cos documentos do centro (PE e Programacións didácticas).

## 5. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO DO PLAN

O seguimento continuo do plan terá lugar nas diferentes sesións de coordinación que se celebren ao longo do curso, reflectidas nas correspondentes actas e que basicamente serán:

Reunións dos membros do Departamento de Orientación.

Reunións co xefe de estudos, coordinadores/as de ciclo e titores/as.

Entrevistas cos pais/nais e alumnos/as.

Sesións de avaliación.

Intercambios orais ou entrevistas cos destinatarios das intervencións.

Cos datos aportados polos implicados no deseño e desenvolvemento do Plan de Orientación (Departamento de Orientación, titores e mestres) e polos destinatarios das distintas actuacións (mestres/as, alumnos/as e pais/nais), elaborárase unha **Memoria** ao final do curso.

Esta memoria non se entende tanto como unha descrición das actuacións levadas a cabo, senón como unha síntese reflexiva sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, e os aspectos que será necesario modificar para o vindeiro curso.

Como indicadores da **avaliación** utilizaremos os seguintes **criterios**:

## **ALUMNADO**

### **1.Desenvolvemento Psicosocial.**

- O alumnado coñece a diversidade multicultural da súa aula en particular e do colexio en xeral.
- O alumnado en xeral e as minorías culturais en particular atópanse ben integrados no centro e tamén nas súas aulas.
- O alumnado participa activamente tanto no centro coma no seu entorno socio-familiar.
- O alumnado é capaz de tomar decisións por si mesmo, cada un segundo o nivel de madurez persoal acadado.
- O alumnado vai adaptando o seu propio sistema de valores segundo se vai producindo o desenvolvemento da súa propia identidade.
- O alumnado é consciente de que para aprender é necesario esforzarse.
- O alumnado ten adquiridos técnicas de traballo intelectual que lle faciliten o proceso de aprendizaxe.

### **1.Desenvolvemento Cognitivo.**

- As situacións de abandono ou inadaptación escolar diminuíron debido a prevención de dificultades de aprendizaxe.
- Melloráronse os resultados do alumnado nas materias instrumentais do curriculum debido a potenciación que se fixo das mesmas.
- Facilitou o proceso de ensino/aprendizaxe ó levar unha avaliación formativa mais detallada.
- Desenvolvéronse medidas de Reforzo e Adaptación curricular cando foron precisas.
- A comprensión lectora do alumnado que sigue un programa estruturado, mellora en relación con aquel que non o sigue.
- O proceso de avaliación foi coordinado e asesorouse o alumnado e mailo profesorado nos momentos de promoción.

## **EQUIPO DE MESTRES E MESTRAS**

### **1. Coordinación Docente**

- As sesións de avaliación fixéronse de xeito coordinado con todo o profesorado que traballaba co alumnado.
- As sesións de coordinación entre a mestra de apoio e os titor@s, fixo que as súas programacións

se axusten o alumnado que atenden.

## **2. Acción Titorial**

•A acción titorial fíxose de xeito coordinado, tendo en conta os seguinte aspectos:

- Potenciación das materias instrumentais do currículo.
- Valoralo esforzo pola aprendizaxe de xeito individual.
- Clima de convivencia adecuado.
- Sociedade multicultural, integración do alumnado pertencente ás minorías.

•As programacións do alumnado con n.e.e. fixéronse de xeito coordinado con tódolos profesionais que traballaban con ese alumnado.

## **AS FAMILIAS -Orientación Familiar-**

- As relacións entre familia e centro fanse cada vez mais fluídas.
- Orientouse ós pais e ás nais en materia da educación dos seus fillos/as.
- Implicouse ós pais e ás nais nas tarefas de aprendizaxe, na valoración do esforzo que éstos fan por aprender e na orientación das súas fillas/os.

## **OUTRAS INSTITUCIÓNS**

### **1. Colaboración**

- Colaboramos con outras institucións ben a petición nosa ou ben pola súa propia iniciativa
- As comunicacións co departamento de Asistencia Social foron levadas a cabo de xeito máis formal.

En definitiva, coa avaliación do Plan de Orientación e do funcionamento do Departamento o que se pretende é:

- Mellorar curso a curso o asesoramento e apoio prestado a titores, mestres, alumnos e familias.
- Adecuarse ás demandas dos distintos ámbitos de intervención, tras coñecer as necesidades.
- Coñecer a efectividade das intervencións realizadas e revisar aqueles aspectos (obxectivos,estratexias de intervención, recursos, actividades...) que son susceptibles de mellora.

Este plan de orientación foi elaborado nos comezos do curso académico 2018/19

**PROGRAMACIÓN XERAL DE AUDICIÓN E LINGUAXE (AL)**